

## **OBXECTIVOS DO PROXECTO**

### **1. Obxectivos non lingüísticos**

Este proxecto pretende acadar a formación e o desenvolto integral dos adolescentes, independentemente do seu nivel de coñecementos e destrezas.

- Contribuír ó desenvolto social mediante o traballo por parellas e en grupos.
- Aplicar destrezas desenvoladas noutras áreas, tales como plástica, música, informática, ciencias sociais, etc. Potenciando a aprendizaxe globalizadora.
- Potenciar a formación integral do alumno, educando de forma crítica e reflexiva mediante o debate, crítica e toma de decisións a partir de temas como a contaminación, a saúde, a educación cívica, etc.
- Desenvolar estratexias de aprendizaxe autónoma como a planificación, o repaso, o uso de material de referencia, a autocorrección etc.
- Utilizar a autoavaliación e a reflexión sobre o proceso de ensino-aprendizaxe como instrumento de autoconhecimento e autosuperación ante as posibles dificultades da vida.

### **1. Obxectivos lingüísticos**

- Afianzar e desenvolver a competencia comunicativa do alumno, partindo dos diferentes niveis dentro da aula e respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Traballar de forma equilibrada as catro destrezas lingüísticas.
- Avaliar o nivel de progreso na lingua estranxeira mediante a autoevaluación e a reflexión.
- Lograr unha maior competencia lingüística mediante o traballo sistemático de estruturas, gramática, vocabulario e funcións comunicativas.

### **3. Obxectivos Xerais da Área**

O currículo oficial establece os seguintes obxectivos para a área de Linguas Estranxeiras (inglés):

1. Comprender a información global e específica de mensaxes orais e escritas na lingua estranxeira relativos as diversas situacións habituais de comunicación, emitidos directamente por falantes o por medios de comunicación.
2. Producir mensaxes orais e escritos na lingua estranxeira, utilizando recursos lingüísticos e non lingüísticos nas diversas situacións habituais de comunicación para lograr que esta sexa fluída e satisfactoria, amosando unha actitude de respecto e interese por comprender e facerse comprender.
3. Ler de forma comprensiva e autónoma, obtendo informacións globais e específicas, textos dun nivel adecuado as capacidades e intereses dos alumnos, relacionados con situacións de comunicación escolares e extraescolares.
4. Utilizar a lectura de textos con fines diversos, valorando a súa importancia como fonte de información, comunicación e ocio e como medio de acceso a culturas e formas de vida distintas das propias.
5. Reflexionar sobre o funcionamento do sistema lingüístico na comunicación como elemento facilitador da aprendizaxe da lingua estranxeira e como instrumento para mellorar as producións propias.
6. Valorar a axuda que supón o coñecemento das linguas para comunicarse con persoas que pertencen a culturas distintas á nosa e para participar nas actividades internacionais e noutros ámbitos da actividade humana.
7. Apreciar a riqueza que supoñen as diversas linguas e culturas como formas distintas de codificar a experiencia e de organizar as relacións interpersonais.
8. Manter unha actitude receptiva e crítica hacia a información procedente da cultura que as linguas estranxeiras transmiten e utilizar dita información para reflexionar sobre a cultura propia.
9. Utilizar estratexias de aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira elaboradas a partires das experiencias previas con outras linguas e da reflexión sobre os propios procesos de aprendizaxe.